

# Roteiro Circular de Lestrobe

## DATOS TÉCNICOS DO ROTEIRO

- Tipo: Circular cun tramo lineal
- Distancia: 2,7 km
- Tempo medio: 50 min.
- Dificultade: Media - Baixa
- Cota inicial: 37 m
- Cota máxima: 157 m
- Cota mínima: 36 m
- Diferencia de cota: 121m
- Pendente máxima: 22%



Inicio de roteiro



Mirador de Lestrobe



Fonte Murillas




Zona de máxima pendente



Sentido recomendado

## Puntos de interese na ruta

- 1.- Fonte Murillas
- 2.- Mirador de Lestrobe e Área recreativa
- 3.- Plantacións forestais



## Descrición xeral do roteiro

Ao longo deste itinerario descubriremos sinais da verdadeira achega dodrense ao patrimonio histórico, etnográfico e cultural. Ademais coñeceremos o seu medio descubriendo rastros e pegadas de animais e os misterios dunha pequena fraga.

## Información de interese nas inmediacións do percorrido

**AS TORRES DE HERMIDA:** (O Pazo de Hermida, A Durmida). Actualmente en perfecto estado dedícanse a turismo rural. Marco de numerosas vivencias e experiencias de galegos ilustres, as torres acolleron a Rosalía de Castro na súa vida de adulta e son testemuñas de varias das súas obras. Nelas tivo lugar o nomeado Pacto de Lestrobe (marzo de 1930) reunión entre políticos galeguistas e republicanos galegos que rematou coa proclamación dun réxime republicano e a consecución dun estatuto de autonomía para Galicia.

**O PAZO DE LESTROBE:** Foi residencia de recreo dos prelados composteláns e actualmente está reconstruído como hotel. Xunto co Pazo de Hermida conforman parte do patrimonio cultural e etnográfico do Concello de Dodro.

**LAVADOIRO:** A etimoloxía da palabra está no latín "LAVARE" de "lavar". Os lavadoiros eran as pedras planas e lancheiras, dispostas nas marxes dos regatos e nas que se lavaba a roupa. O de Lestrobe é o máis grande de todos os de Dodro con dez pedras a cada lado.

**A FONTE DE MURILLAS:** Marca o inicio e final deste roteiro. As nosas "fontes" proceden da voz latina "FONS" que significa manantial que nace da terra. Agora as fontes son públicas pero antes facíanse constar nos cupos e documentos.

**AS FRAGAS E PLANTACIÓNS:** En Galicia os bosques de folla caduca nos que predomina o Carballo (*Quercus robur*) coñécese como fragas que nos proporcionan madeira, froitos e outros moitos recursos de gran importancia. A finais do século pasado deuse paso a unha política de reforestación empregando primeiro o piñeiro (*Pinus pinaster*) e logo o eucalipto (*Eucalyptus camaldulensis*) para obter madeira a curto prazo. Estas plantacións forestais supoñen unha gran parte da superficie forestal galega pero albergan menos vida que as fragas.



Concello  
de Dodro